

CONCELLO DE VIGO



OFICIAL SEPULTUREIRO/A (C2)

Unha praza por quenda libre, oposición libre

CUESTIONARIO COAS RESPPOSTAS CORRECTAS



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 02/09/2021 20:19

Páxina 1 de 7

Expediente 37995/220

CSV: 27EHDH-DED789-D9C133-YH7L4R-EH4CHL-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

01. Cantas disposicións adicionais ten a Constitución Española?

- a) **Catro.**
- b) Cinco.
- c) Nove.
- d) Tres.

02. A limpeza dun nicho á hora de inhumar ó exhumar é función dun/ha oficial sepultureiro/a?

- a) Non é función dun oficial sepultureiro/a.
- b) **Si.**
- c) Non. Só apertura e peche do nicho.
- d) Non. A limpeza é función dun peón.

03. O transporte de restos biolóxicos humanos dentro dun cemiterio é función dun/ha oficial sepultureiro/a?

- a) Non.
- b) **Si.**
- c) Depende do tamaño dos restos biolóxicos.
- d) Só é competencia das empresas funerarias.

04. Non é función do/a oficial sepultureiro/a...

- a) O coidado e control do perfecto estado do material.
- b) **A destrución de restos materiais procedente das exhumacións.**
- c) Cumprir a normativa en materia de prevención de riscos laborais.
- d) O traslado de restos biolóxicos dentro do cemiterio.

05. Os cemiterios cuxa entidade propietaria é unha asociación sen ánimo de lucro e legalmente constituída son:

- a) Confesionais.
- b) Parroquiais.
- c) De comunidades exentas.
- d) **Particulares.**

06. Os cemiterios poden ser:

- a) Confesionais.
- b) Particulares.
- c) Municipais.
- d) **Todas son correctas.**

07. Os cemiterios cuxa entidade propietaria é unha organización relixiosa, denomínanse:

- a) Particulares.
- b) Municipais.
- c) **Confesionais.**
- d) Todas son correctas.



08. Pode un concello ampliar un cemiterio xa autorizado sen cumprir co requisito relativo ao perímetro exterior de 50 metros?

- a) Si, si o concello ten máis de 5.000 habitantes.
- b) Si, si o concello ten máis de 10.000 habitantes.
- c) Non, en ningún caso.
- d) **Si, de forma excepcional e motivada.**

09. Na construción de nichos, cada unidade funeraria e o sistema no seu conxunto será:

- a) Impermeable.
- b) **Permeable.**
- c) É indiferente.
- d) Ningún do tres é correcto.

10. O traslado ordinario de restos óseos:

- a) farase exclusivamente nun coche fúnebre.
- b) **non requirirá medio de transporte específico.**
- c) nou está permitido o traslado de restos óseos.
- d) ningunha das anteriores é correcta.

11. Conforme ao artigo 22 do Regulamento de Policía Sanitaria e Mortuoria da Comunidade Autónoma galega, a exhumación e posterior reihumación de cadáveres ou restos cadavéricos nun mesmo cemiterio, de persoas non falecidas por causas radioactivas ou infecciosas, debe autorizala:

- a) la autoridade xudicial competente.
- b) o Consello da Xunta de Galicia.
- c) **a xefatura territorial da consellería competente en materia de sanidade.**
- d) non necesita autorización.

12. Segundo a Lei 49/1978, de 3 de novembro, sobre Enterramentos e Cemiterios Municipais, os ritos funerarios practícanse sobre cada sepultura de conformidade:

- a) co rito católico.
- b) **co disposto polo defunto e o que a familia determine.**
- c) a) e b) son correctas.
- d) esta lei non define o modo de practicar os ritos funerarios.

13. Os cadáveres obxecto de dilixencias ou actuacións xudiciais estarán sometidos a refrixeración por un prazo máximo de :

- a) 4 días.
- b) **6 días.**
- c) 21 días.
- d) 8 días.



14. O enterramento de cadáveres, restos humanos ou restos cadavéricos antes dos prazos establecidos considérase unha infracción:

- a) leve.
- b) **grave.**
- c) moi grave.
- d) non constitúe infracción.

15. Os equipos de protección individual deberán:

- a) responder as condicións existentes no lugar de traballo.
- b) ter en conta as condicións anatómicas e fisiolóxicas e o estado de saúde do traballador .
- c) adecuarse ao portador, tras os axustes necesarios.
- d) **todas son correctas.**

16. Segundo a Lei 2/2015, de 29 de abril, de Empleo Público de Galicia, cal dos seguintes postos poden ser desempeñados por persoal laboral?

- a) **os postos de carácter instrumental correspondentes ás áreas de equipamento e instalacións**
- b) os postos que teñan atribuídas funcións de fe pública
- c) os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen tarefas de contabilidade e tesouraría
- d) os postos que teñan funcións que impliquen exercicio de autoridade

17. Segundo a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións, as administracións poderán establecer a obriga de relacionarse con elas a través de medios electrónicos para determinados procedementos e colectivos de persoas físicas por razón de:

- a) A súa capacidade técnica.
- b) A súa dedicación profesional.
- c) A súa capacidade económica.
- d) **Todas son correctas.**

18. Segundo o Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de Sanidade Mortuoria de Galicia, para abrir unha fosa requírese unha separación mínima entre unhas e outras, que será de:

- a) 0,40 metros.
- b) **0,50 metros.**
- c) 0,60 metros.
- d) 0,70 metros.



19. Todo cadáver embalsamado na Comunidade Autónoma de Galicia deberá ser conducido ao seu destino final nun prazo máximo de:

- a) 2 días.
- b) 3 días, excepto os que sexan obxecto de dilixencias xudiciais.
- c) 6 días e 20 en caso de actuacións xudiciais.
- d) **8 días, excepto os que sexan obxecto de dilixencias xudiciais**

20. Poderanse realizar traslados de cadáveres clasificados no grupo 1º do artigo 4 do Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de Sanidade Mortuoria de Galicia,:

- a) Cando se utilice féretro de traslado, previo embalsamamento e autorización xudicial.
- b) Cando se proceda á súa incineración se é radioactiva a causa da morte.
- c) **Cando se proceda á súa incineración e a causa da morte non sexa de orixe radioactiva.**
- d) Son todas falsas

21. Segundo o Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de Sanidade Mortuoria de Galicia, inclúense no concepto de sepultura:

- a) Fosas
- b) **Fosas e nichos**
- c) Fosas, nichos e criptas
- d) Fosas, nichos, criptas e columbarios.

22. Segundo Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de Sanidade Mortuoria de Galicia, non se poderán realizar técnicas de tanatoestética a cadáveres do...

- a) grupo 4 artigo 1
- b) **grupo 1 artigo 4**
- c) grupo 4 artigo 2
- d) grupo 2 artigo 4

23. De conformidade co artigo 5.2 do Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de Sanidade Mortuoria de Galicia, aos restos humanos de entidade suficiente, na orde sanitaria, para darlles destino:

- a) Necesita certificado de defunción.
- b) **Documento que se acredite a causa e orixe.**
- c) Certificado de defunción que conste en que grupo de clasificación sanitaria pertence.
- d) Ningunha é correcta.

24. Destas afirmacións cal é a incorrecta?:

- a) **É obrigatorio na inscrición do Padrón o nome, apelidos, teléfono e domicilio habitual**
- b) É obrigatorio na inscrición do Padrón polo sexo
- c) A inscrición dos estranxeiros no Padrón non constituirá proba de residencia legal en España.
- d) Toda persoa que viva en España está obrigada a inscribirse no Padrón.



25. Nun tanatorio con sala para aplicar técnicas de conservación sobre un cadáver, non sería obrigatorio:

- a) Zona con refrixeración
- b) Duchas para o persoal
- c) Auga potable
- d) **Un crematorio.**

26. Conforme ao artigo 28.1 do Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de Sanidade Mortuoria de Galicia, quen outorga a licenza de construción dos novos cemiterios?

- a) **Os concellos onde estean situados**
- b) A Consellería de Sanidade coa aprobación das consellerías de Territorio e Patrimonio.
- c) A Consellería de Territorio.
- d) Patrimonio Cultural e Consellería de Sanidade

27. Non se poderá acordar a clausura dun cemiterio nin cambiar o seu destino sen acreditar o transcurso de:

- a) **10 anos desde a última inhumación, agás que razóns de interese público o aconsellen.**
- b) 6 anos desde a última inhumación, agás que razóns de interese público o aconsellen.
- c) 15 anos desde a última inhumación, agás que razóns de interese público o aconsellen.
- d) 5 anos desde a última inhumación, agás que razóns de interese público o aconsellen.

28. Dentro das instalacións mínimas dun cemiterio, hai a obriga de instalar un columbario?

- a) Si.
- b) Non.
- c) **Non, se ten un sector destinado para depositar cinzas.**
- d) Non, se ten un xestor autorizado para residuos.

29. En que tipo de exhumación é máis propenso/a o/a oficial sepultureiro/a/á sufrir un corte:

- a) Nicho.
- b) Cripta.
- c) **Tumba.**
- d) Cenotafio

30. Entenderase por equipo de “protección individual”:

- a) **calquera equipo destinado a ser levado ou suxeitado polo traballador para que lle protexa dun ou varios riscos que poidan ameazar a súa seguridade ou a súa saúde, así como calquera complemento ou accesorio destinado a tal fin**
- b) os aparellos portátiles para a detección e sinalización dos riscos e dos factores de molestia
- c) os equipos dos servizos de socorro e salvamento
- d) a) e b) son correctas



Preguntas de reserva

31. Ao redor dun cemiterio de nova construción establécese un perímetro completamente libre de todo tipo de construcións. Este perímetro será:

- a) De 60 metros medidos desde o peche exterior do cemiterio.
- b) De 100 metros medidos desde o peche interior do cemiterio.
- c) De 50 metros medidos desde o peche interior do cemiterio.
- d) **Ningunha das tres é correcta.**

32. O traballador:

- a) terá dereito a interromper a súa actividade e abandonar o lugar de traballo, en caso necesario, cando o considere oportuno
- b) nunca poderá interromper nin abandonar o seu posto de traballo sen comunicalo previamente ao empresario ou ao delegado de prevención
- c) cando considere que a actividade entraña un risco grave e inminente para a súa vida ou a súa saúde poderá interromper a actividade, pero nunca abandonar o seu posto de traballo
- d) **terá dereito a interromper a súa actividade e abandonar o lugar de traballo, en caso necesario, cando considere oportuno que a dita actividade entraña un risco grave e inminente para a súa vida ou a súa saúde**

33. A que concellería está adscrita a oficina de cemiterios?

- a) Benestar Social
- b) **Medio Ambiente e Vida Saudable**
- c) Urbanismo
- d) Fomento e Servizos

34. A licenza de traslado de restos cadavéricos solicitarase:

- a) No rexistro civil
- b) No cemiterio que corresponda
- c) **Na xefatura territorial da consellería competente**
- d) No Negociado de Cemiterios co certificado de defunción.

35. Procederá a suspensión de enterramentos por parte dos concellos, de oficio ou a instancia de parte, cando concorran calquera das seguintes circunstancias:

- a) Cando se pretenda destinar o seu terreo ou parte del a outros usos
- b) Por esgotamento transitorio ou definitivo da súa capacidade
- c) Por razóns sanitarias ou de salubridade
- d) **Todas son correctas**

